

# deBullando

## A TERRA É DE DEUS

Que “a Terra é de Deus” non significa que Deus sexa o seu señor e o seu gran propietario. Que significa? Apuntareino en seis proposicións:

### 1. A Vida na terra e no cosmos é o culto verdadeiro

Releamos Xn 1,1-2,4. Fermoso poema, luminoso mito de creación. “*Ao principio, creou Deus o Ceo e a Terra*”. “Ao principio” é hoxe. A creación ten lugar sempre. O principio da creación é a Presenza eterna aquí e agora. A creación é esa enerxía orixinaria, fonte de toda enerxía física, que transcende e habita todo tempo e espazo, que nos fai ser con todo o que é. É a enerxía orixinaria que fai que todo estea sendo creado e, á vez, creador. Nada se crea senón a través da “materia” animada de enerxía.

O Espírito divino “aletea\*” ou vibra en todo. Envólveo e alenta canto é. O Espírito non se opón á materia, senón que a volve matriz, enerxía creadora.

O dinamismo creador do cosmos na súa totalidade, da Terra en particular para nós, e a vida que emerxe en formas sempre novas, é como unha gran liturxia, “oficio divino”.

“*Dixo Deus*”, repítese ata oito veces. “Deus” crea o mundo como un poeta o seu poema (*poiein* significa “facer”; “crear”). A creación en marcha, o Ser despregándose nos seres, a Vida manifestándose en todos os viventes, é o culto verdadeiro.

“*A xeoloxía é teoloxía*” (R. Panikkar). As relixións e todos os seus cultos son construcións humanas. A terra no Cosmos, a vida dos viventes, o ser de todos os seres é a liturxia primordial, o culto e a oración orixinaria, sen necesidade de templos nin de libros, nin sacerdotes nin deuses. O cosmos inmenso que descoñecemos, a Terra nai que nos enxendra, sostén e alimenta é o gran libro da “revelación”.

A Terra ora creándose. Somos Terra de Deus, creada, creándose, creadora. Somos *Adán* (*adamá*, “terra”). Somos *Eva* (“vívinte”; “vida”; relación, coidado, atención). Somos *humanos* se nos sabemos e somos auténtico *humus*. Somos *irmáns* se somos *humildes* como a terra e a auga. Iso é crear, iso é orar.

### 2. A lóxica da posesión e do dominio é antixénese e contraliturxia

“*Creced e multiplicádevos, enchede a terra e sometédea*” (Xn 1,28), di Deus a Adán e Eva. Enténdese que se acusase esta afirmación bíblica de ter promovido a destrución da Natureza.

O Xénese, nos xeniais mitos narrados entre os capítulos 3 e 11, describe esta dinámica destrutiva, o antixénese ou a antiliturxia. Adán-terra-humus e Eva-a-vívinte, a nai da vida, fanse donos dela e eríxense en criterio do ben e do mal (“árbore da vida”; “árbore do ben e do mal”). Pero onde hai dominio e posesión, non hai comunión. O ser humano convértese en ditador da terra, o irmán mata ao irmán (Abel é pastor transhumante, Caín é agricultor, dono da terra: da posesión vén

## deBullando

a morte), álzanse torres para conquistar o ceo, estalan guerras, levántanse imperios que dominan aos pobres.

Abrahán deixou a “súa” terra e viviu como nómade. Tamén Xesús deixou a súa casa, o seu pobo, a súa terra, e foi de aldea en aldea, como profeta carismático itinerante, acompañado por un grupo de homes e de mulleres!, anunciando aos pobres que a terra é súa, porque a terra é de Deus, que a terra é de todos empezando polos máis pobres.

### 3. O Arco da vella da alianza protexe a Terra

Que a Terra é de Deus significa que está acollida á bendición máis forte que toda maldición, que foi pronunciada sobre ela unha solemne “promesa divina”: “non volverás ser maldicida”

Está protexida polo Arco da vella da bendición. É a fermosa imaxe coa que conclúe o mito do Diluvio universal (Xn 6-9). “Deus” é máis forte: o espírito fecundante e protector da vida habita, xeme e goza no corazón do ser humano, no corazón de todos os seres, e é máis forte que todo o dano que somos capaces de inflixis.

Pero non podemos entendela como chamada a unha fe infantil nunha providencia divina protectora, externa. É a fe na Terra, en todos os viventes e en nós mesmos. Podemos ser Arco da vella protector. É difícil saber se o colapso das especies viventes máis desenvolvidas no planeta –incluída a especie humana– é xa irreversible ou aínda cabe solución. O que é indiscutible é que todas as alarmas están acesas, que a acción humana é a responsable principal e que só un xiro drástico da civilización humana pode evitar o desastre xeral.

Deixaremos de ser anxos exterminadores e autoexterminadores? Faremos da Terra un Arca universal? A Ruah, a enerxía poderosa da vida, habítanos. Si, podemos.

### 4. A Terra e o mundo son corpo de Deus

Que a Terra é de Deus pode expresarse coa imaxe do corpo. A Terra e o mundo serían a “Deus” o que o corpo á alma, ao espírito ou á vida: o soporte material desa realidade emerxente, inmanente e transcendente á vez, que chamamos espírito, conciencia, “eu”. “Deus” sería ao mundo e á Terra o que o espírito ou a alma ao corpo: a totalidade emerxente, vivinte, consciente da terra e de todo o cosmos.

No aire da Terra que respiramos, respiramos a Vida mesma; no pan, no viño, en todos os alimentos da Terra, comungamos na gran Comuñón da Vida que nos sostén e que formamos.

A Terra e o cosmos enteiro revelan “a gloria de Deus”; os “textos sagrados” das diversas tradicións son unha das súas encarnacións na carne de mundo que formamos.

Deus maniféstase e participa en todos os corpos coa súa dor e o seu pracer. Pecado significa negarse a ser parte do “corpo”, a “interser” con todo o que vive.

O Bo Vivir ou a Vida ou “Deus” maniféstase na comuñón de todos os seres (aínda cando se comen uns a outros) e en todo o que cura (compañía, cirurxía, pastillas...).

### 5. A Terra como templo de Deus

*Templum* (da raíz *tm*, delimitar) designaba orixinariamente un espazo delimitado pero aberto no campo ou no bosque para observar o voo das aves e adiviñar

## deBullando

o futuro. Logo pechárono con leis e medos. O templo converteuse en morada de "Deus" ou dos deuses, en edificio sagrado separado do mundo profano. A contemplación separouse das tarefas da vida, contrapúxose á acción e converteuse en cousa de especialistas: augures, sacerdotes ou monxes.

*"O ceo proclama a obra de Deus, o firmamento pregoa a obra das súas mans": "Toda a terra está chea da súa gloria" (Is 6,3). Todo o cosmos é templo de "Deus": "Deus" é a Presenza na intemperie, máis alá de toda fronteira relixiosa. Todo canto é, en canto movido por relacións de bondade creadora, é sagrado. "O sagrado" é a calidade auténtica do "secular" (mundano).*

A "experiencia espiritual" non é unha experiencia diferente das demais experiencias, senón a fondura e a verdade última de toda experiencia. Non é un campo autónomo da vida (xunto á saúde, o deporte, o traballo, a política...), senón a calidade profunda da vida na súa integridade, a "experiencia da vida" como tal ou a "experiencia integral da realidade" (R. Panikkar).

De aí que se poida e se deba falar de "espiritualidade laica": A espiritualidade consiste en vivir "ben"; en apertura profunda á realidade, en liberdade profunda de todo apego ao ego, en paz e comunión...

Xesús fixo da vida o verdadeiro templo de Deus. E dixo: *"Destruíde este templo, convertido en cova de ladróns"* (Mt 21,13; Lc 19,46). Levantemos un templo novo, non de pedra, que sexa verdadeiramente *"casa de oración para todos os pobos"* (Mc 11,15), sexan xudeus ou non, sexan relixiosos ou non. Fagamos da Terra templo de Deus: de xustiza, comunión e paz.

## 6. Deus será cando a Terra descanse e sexa de todos

O sábado, o ano sabático e o ano xubililar constitúen a norma e o ritmo bíblico que deben rexer a Terra para que sexa de Deus, ou para que Deus sexa.

1) **O sábado.** *"O sétimo día descansou"* (Xn 1). *"Acórdate do sábado para santificalo. Non farás nel traballo algún, nin ti, nin os teus fillos, nin os teus servos, nin o teu gando, nin o forasteiro que reside contigo"* (Ex 20,8-10). O descanso e o día de festa para que todos os seres respiren e sexan.

2) **O ano sabático.** *"Cada sete anos perdoarás as débedas; este perdón consistirá no seguinte: todo acredor perdoará ao seu próximo o que lle teña prestado; deixará de reclamarllo ao seu próximo ou a seu irmán porque foi proclamada a remisión en honor do Señor"* (Dt 15,1-15). Un ano de descanso cada sete anos. Nel, todas as débedas quedan canceladas. No Noso pai (*"Perdoa as nosas débedas [non "ofensas"] como nós perdoamos aos nosos debedores"*), Xesús non pensaba nos "pecados"; senón nas débedas que afogaban aos pobres labradores. Hoxe diría: que quede anulada a hipoteca de quen non poida pagar a súa vivenda, que se dite a quita da débeda externa dos países pobres.

3) **O ano xubililar.** Cada 50 anos (e noutras ocasións), celebrábase un ano sabático especial. *"No ano xubililar cada un recobrará as súas propiedades"* (Lv 25,13). A xente pobre recuperaba a propiedade dos bens dos que tivera que desprenderse para poder comer ou vivir. Sobre todo: os escravos debían recuperar a liberdade, e a terra quen a tivese que vender.

**deBullando**

Xesús anunciou o ano xubilar na sinagoga de Nazaret (Lc 4,18-19): que todos recuperen a liberdade e a terra. Aos pobres labregos, pescadores e artesáns de Galilea anúncialles: “*Benaventurados vós, os pobres, porque voso é o reino de Deus*”. Ides ser libres e ter unha terra. “*Benaventurados os humildes, porque herdarán a terra*” (Mt 5,5). Os que se fan *humus* da

vida, humildes, humanos, eles farán realidade o sábado e o xubileu da Terra. Neles resplandece o misterio de “Deus”, máis alá da dualidade persoal/impersoal: Deus en canto Bondade creadora, Creatividade sagrada, Vida de todos os viventes, Memoria cósmica, Alma do mundo, Conciencia do Universo...

**José Arregi**

### **Cuestións para reflexionar e compartir en grupo:**

1. Que opinades desta disxuntiva: *O colapso das especies viventes máis desenvolvidas do planeta –incluída a especie humana- é xa irreversible ou aínda cabe solución?*
2. Credes que se está a vivir entre nós esa potente espiritualidade que considera *a Terra e o Mundo como corpo de Deus*?
  - a. Como entendedes isto?
  - b. Que consecuencias na maneira de vivir tirades desta idea?
3. *A “experiencia espiritual” non é unha experiencia diferente das demais experiencias, senón a fondura e verdade última de toda experiencia; a calidade profunda da vida na súa integridade.*
  - a. Por que non expoñedes sentimentos ou testemuños vosos ao respecto?
  - b. Segundo iso, a verdadeira espiritualidade é unha espiritualidade laica? Que quere dicir iso?
  - c. Que consecuencias prácticas tería iso na vida individual e na das comunidades?
4. *Deus será cando a Terra descanse e sexa de todos.*
  - a. A loita pola Terra é a verdadeira tarefa cristiá?
  - b. Quen fará realidade iso?
  - c. A Deus só se lle atopa nesta terra, nesta historia; estás de acordo?